Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2018

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

Aspectos salientables

1. Tras dez trimestres consecutivos con taxas de crecemento interanuais igual ou superiores ao 3%, a economía galega presenta no segundo trimestre de 2018 unha medra do 2,8%, tres décimas menos que o estimado para o primeiro trimestre. A pesar da devandita desaceleración, o PIB galego segue a medrar por riba da media española (2,7%) e tamén supera ao rexistrado no conxunto da zona euro e na Unión Europea (2,2%), polo que se avanza no proceso de converxencia retomado coa recuperación económica.

2. O crecemento agregado do PIB en Galicia presenta un cambio relevante. A diferenza do acontecido nos anos anteriores, no segundo trimestre do ano este crecemento ven explicado pola achega da demanda interna, xa que a demanda externa detrae dúas décimas ao devandito crecemento. A significativa contribución da demanda interna, que se sitúa en 3,0 puntos, o valor máis elevado dende o terceiro trimestre de 2007, pode considerarse como un dos aspectos máis salientables. En termos de crecemento, esta contribución explícase, en primeiro lugar, polo forte impulso do investimento, que medra un 8,1% respecto ao ano anterior, a porcentaxe máis elevada dende 2006. Asemade, o gasto público acelera o seu incremento, cunha medra do 2,6% respecto ao ano anterior. Pola contra, ralentízase o incremento do consumo final dos fogares, que acada unha medra interanual do 2,1%, seis décimas menos que o estimado no trimestre anterior. Comparado co estimado no conxunto da economía española, tan só o gasto privado medra a un ritmo inferior.

3. A achega da demanda externa en Galicia foi negativa, detraendo dúas décimas ao crecemento do PIB, aspecto que non acontecía dende finais de 2012. O cadro macroeconómico reflicte unha importante desaceleración tanto no ritmo de crecemento das exportacións como as importacións, cun incremento do 4,5% e 5,5%, respectivamente (crecemento igual ou superior ao 7% no trimestre anterior). Se se consideran tan só as comerciais con terceiros países, o forte crecemento das importacións (case un 25%) provoca unha redución do saldo positivo da balanza de pagos, que se sitúa en 933,5 millóns de euros. O subsector téxtil-confección e o sector do automóbil seguen a ser as actividades máis importantes, concentrando o 42,1% do valor total das vendas exteriores, porcentaxe superior ao rexistrado ao comezo da recuperación económica (40,3%). Asemade, aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, que en 2018 representa o 76,4% fronte ao 70,4% no segundo trimestre de 2014.

4. Dende o punto de vista da oferta o aspecto máis destacado é novamente que todos os sectores contribúen de xeito positivo, salientando o forte impulso do sector da construción, cunha medra do 6%. Hai que remontarse ata o ano 2006 para atopar unha taxa de variación interanual tan elevada neste sector. Asemade, a industria manufactureira mantén o seu bo comportamento, acadando no último trimestre un incremento do 4,1%. No que aos outros dous grandes sectores se refire, o sector primario presenta un maior dinamismo que no ano anterior, ao medra un 1,9% no segundo trimestre de 2018, sete décimas máis que no mesmo período do ano anterior, en tanto que o sector servizos presenta unha ralentización no seu crecemento, cunha medra do 2,3% (3,3% no ano anterior).

5. Os grandes agregados do mercado de traballo galego manteñen unha tendencia positiva atendendo tanto ao maior dinamismo no proceso de creación de emprego como á caída do desemprego, especialmente significativo no caso do paro de longa duración. Tendo en conta que a poboación activa detén a súa caída, a redución do desemprego non se produce na mesma intensidade que no trimestre anterior, se ben segue a ser superior ao 10%. Deste xeito, a taxa de paro descende ata o 14% (1,3 puntos menos que en España), a taxa máis reducida dende finais de 2009. A taxa de actividade galega ascende ata o 53,6%, tres décimas máis que no ano anterior, e a taxa de ocupación ata o 46,1% (44,8% no ano anterior), manténdose non obstante entre as CC.AA. coa taxa máis reducida.

6. Xunto aos devanditos aspectos positivos, hai que mencionar que persiste a tendencia descendente do número de o número de fogares sen preceptores e do número de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego, así como o incremento daqueles onde todos os seus activos son ocupados.

7. Nembargante, hai que destacar que o incremento da ocupación (26.900 persoas ocupadas máis) concéntrase case na súa totalidade no sector servizos (36.600 ocupados máis), e máis concretamente no comercio, administración pública e seguridade social, actividades administrativas e servizos auxiliares e en actividades sanitarias e servizos sociais. O emprego no sector primario descende de xeito importante (o sector agrario e pesqueiro perden 3.200 e 5.600 ocupados no período analizado) manténdose practicamente constante no caso da industria manufactureira e da construción (300 e 900 ocupados máis respecto ao ano anterior). Ao mesmo tempo, hai que incidir novamente na persistencia de elementos preocupantes sinalados en informes anteriores. Nomeadamente, pódense destacar a continua redución da poboación activa no grupo de persoas de 25 a 34 anos (22% dende o primeiro trimestre de 2014), así como a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española ou o aínda elevado peso do desemprego de longa duración (46,2%).

8. A ansiada autonomía tributaria, que as Comunidades exercen a través dos tributos cedidos e compartidos, emprégase dun xeito tan desigual que leva a falar de 17 presións fiscais. Este feito desbocou unha "guerra" entre autonomías para tratar de atraer contribuíntes, que explica a carreira á baixa de certos impostos directos, mentras asístese a un incremento da tributación indirecta, con especial incidencia no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. E por isto que as as grandes diferencias de tributación así como que a regulación sobre tributos propios non incide solo sobre isto (senón que contribúe a debuxar unha xungla impositiva na que non sempre a recadación dos novos impostos cubre os custos de xestión), permite concluír que o sistema tributario autonómico carece de racionalidade e urge recompoñer un puzzle cuxas pezas, a día de hoxe, semellan non encaixar.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURAL
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

II- COMENTARIO
. Galicia en el puzle tributario autonómico
Autora: María Cadaval

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN: 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Setembro de 2018

I- ANÁLISE DE CONTAS

1- CONTAS ECONÓMICAS 2º TRIMESTRE 2018: DATOS SORPRENDENTES PERANTE UN FUTURO INCERTO.

Tras dous anos e medio con taxas de crecemento interanuais iguais ou superiores ao 3%, o PIB real da economía galega medra no segundo trimestre do ano un 2,8% en relación ao mesmo período do ano anterior. En relación o trimestre anterior, esta porcentaxe sitúase no 0,6%.

Os datos reflectidos na Contabilidade trimestral poden cualificarse como sorprendentes tanto dende un punto de vista cuantitativo como na súa composición. Dunha banda, o diferencial de tres décimas respecto ás taxas acadadas no trimestre anterior é o máis elevado dende comezos de 2016 (igualado co terceiro trimestre dese ano). Doutra banda, o actual crecemento agregado do PIB ven motivado polo positivo comportamento da demanda interna, sendo negativa a achega da demanda externa, aspecto que non acontecía dende finais de 2012. En termos de crecemento, polo lado da demanda salienta o forte impulso do investimento (8,1%), así como o maior crecemento do gasto público; e dende o lado da oferta, destaca o crecemento arredor do 6% no sector da construción, manténdose o ritmo de crecemento da industria manufactureira por riba do 4%.

Tras dez trimestres consecutivos con crecementos iguais ou superiores ao 3%, a economía galega rexistra no segundo trimestre do ano unha medra do 2,8%, tres décimas menos que o experimentado no trimestre anterior, manténdose un ritmo de crecemento unha décima por riba da media estatal. No conxunto da zona euro e na UE-28 o crecemento do PIB foi 2,2%, polo que continúa o proceso de convergencia coa media europea retomado co inicio da recuperación económica.

A devandita desaceleración apréciase tamén na análise en termos intertrimestrais, xa que a economía galega, ao igual que a española, presenta un incremento do seu PIB do 0,6% no segundo trimestre do ano, aínda que resulta dúas décimas superior ao rexistrado tanto no conxunto dos países da zona euro como na UE-28.

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2012-2018



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

A evolución da demanda interna explica o crecemento agregado do PIB en Galicia, cunha achega no segundo trimestre do ano de 3,0 puntos, dúas décimas por riba da contribución no mesmo período do ano anterior (2,8 puntos). Pola contra, o saldo exterior neto detrae dúas décimas ao crecemento do PIB, cando no mesmo período do ano anterior aportaba dous puntos porcentuais. Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, a achega da demanda interna en Galicia é superior á estimada en España (2,9 puntos porcentuais) sendo negativa a achega

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2016-2018



Fonte: IGE e INE

da demanda externa (dúas décimas no Estado).

Entre os compoñentes da demanda interna salienta, en primeiro lugar, o forte impulso do investimento, medido en termos de formación bruta de capital, que se sitúa como a variable con maior dinamismo. No segundo trimestre do ano 2018, a taxa de crecemento interanual do investimento en Galicia foi do 8,1%, a taxa máis elevada dende o ano 2006. Asemade, o consumo das administracións públicas acelera o seu crecemento, cunha medra do 2,6%, 1,2 puntos por riba do rexistrado no trimestre anterior (0,5% no segundo trimestre de 2017). Pola contra, salientamos a ralentización da dinámica do incremento do consumo final das familias, que presenta unha medra do 2,1% respecto ao mesmo período do ano anterior, seis décimas menos que o estimado no primeiro trimestre de 2018.

Cadro macroeconómico de Galicia 2016-2018. Taxas de variación interanual.

%

	2016/I	2016/II	2016/III	2016/IV	2017/I	2017/II	2017/III	2017/IV	2018/I	2018/II
Produto Interior Bruto	3,1	3,0	3,3	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8
Demanda										
Gasto en consumo final	2,2	2,6	2,4	1,0	1,5	1,1	1,8	1,6	2,3	2,2
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	2,3	2,1	2,1	1,6	0,6	1,3	1,5	1,8	2,7	2,1
AA. Públicas	2,1	4,1	3,4	-0,7	3,9	0,5	2,7	1,2	1,4	2,6
Formación Bruta de Capital	0,9	0,2	0,3	1,1	1,6	1,9	4,9	4,3	6,0	8,1
Achega demanda interna ao PIB	2,0	2,2	2,0	1,0	1,5	1,2	2,2	2,0	2,8	3,0
Exportacións	2,8	4,7	6,6	7,9	6,9	6,4	0,6	5,4	7,1	4,5
Importacións	0,7	3,3	4,3	4,1	4,1	2,8	-1,0	3,6	7,0	5,5
Achega demanda externa ao PIB	1,1	0,8	1,3	2,1	1,5	2,0	0,9	1,1	0,3	-0,2
Oferta										
Sector primario	-1,9	1,4	2,1	2,6	3,3	1,2	1,0	1,2	0,3	1,9
Industria	3,9	1,1	2,4	2,3	-1,3	3,0	2,2	3,0	6,2	3,5
Industria manufactureira	5,3	1,6	4,3	2,8	2,8	5,6	4,2	4,2	4,4	4,1
Construción	0,6	1,6	2,1	2,0	3,7	2,7	3,2	4,5	4,7	6,0
Servizos	3,4	3,5	3,6	3,4	3,9	3,3	3,3	2,8	2,2	2,3
Comercio, transporte e hostalería	7,5	7,2	7,8	7,3	7,8	6,9	5,9	4,7	3,3	3,3
Información e comunicacións	2,9	3,7	5,4	3,3	7,3	4,7	4,1	4,3	1,6	4,1
Actividades financeiras e de seguros	-1,7	-0,3	-0,2	2,0	0,8	0,2	1,4	-0,3	0,9	0,1
Actividades inmobiliarias	-0,5	0,6	0,3	0,6	1,3	0,3	0,9	1,0	1,2	1,6
Actividades profesionais	4,1	4,6	3,7	3,5	4,3	3,3	4,0	4,1	3,7	4,3
Administración pública, sanidade e educación	0,6	1,2	1,1	0,7	1,1	0,8	1,5	2,0	1,4	1,2
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,5	1,8	0,7	0,2	0,3	0,4	0,4	0,3	0,3	0,3

Fonte: IGE

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, cómpre mencionar que no último trimestre tanto o investimento como o consumo das administracións públicas en Galicia presentan un incremento superior ao reflectido nas contas económicas de España (5,6% e 2,1%, respectivamente). Sen embargo, o gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fin de lucro presenta en España unha taxa de variación interanual do 2,2%, unha décima máis que o rexistrado na economía galega, que rexistra un parón comparado coas dinámicas anteriores.

No concernente ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia presenta unha importante desaceleración no ritmo de crecemento, tanto das exportacións como das importacións. Se no primeiro trimestre do ano ambas medraban por riba do sete por cento, neste último trimestre as exportacións medran só un 4,5%, en tanto que as compras fóra de Galicia o fan nun 5,5%. No mesmo período do ano anterior, as exportacións presentaban unha taxa de variación interanual case dous puntos e medio superior (6,9%), en canto que as importacións o facían nun 4,1% (1,4 puntos por baixo). É dicir, contémplase un cambio relevante. Como se aprecia no gráfico, no conxunto do Estado tanto as vendas ao exterior como ás compras de terceiros países presentan un incremento significativamente inferior ao rexistrado en Galicia, medrando as exportacións un 1,2% e as importacións un 2,1%. Tras esta evolución, a achega en Galicia do saldo exterior neto é negativa (detrae dúas décimas), aspecto que non acontecía den-

PIB real en Galicia e España 2º trimestre 2018. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

de o cuarto trimestre de 2012. Ao igual que en Galicia, a demanda externa en España detrae dúas décimas ao crecemento agregado do PIB da economía.

Cando se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, os datos do ICEX reflicten a devandita ralentización do valor total acumulado das exportacións galegas no segundo trimestre do ano. As vendas das empresas galegas no exterior medraron un 5,4% respecto ao mesmo período do ano anterior, a metade do rexistrado no mesmo período de 2017 (10,9%). Por contra, as importacións galegas aumentan case un 25% cando no ano anterior reducíanse un 0,5%. Tras esta evolución, o saldo positivo da balanza de pagos galega redúcese un 42,4%, situándose nos 933,5 millóns de euros.

Neste segundo trimestre, a cota de mercado das exportacións galegas no total estatal ascende ata o 8,1%, unha décima máis que no ano anterior, en tanto que no caso das importacións, esta porcentaxe ascende ata o 6,2%, o valor máis alto dende o comezo da crise económica (5,4% no ano anterior).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, en 2018, a pesar do descenso do 3,2% respecto ao segundo trimestre do ano anterior, o téxtil vendeu ao exterior produtos por valor de 1.313,4 millóns de euros, o que representa o 22% das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil aumentaron ata os 1.200,9 millóns de euros, un 12,5% máis que no ano anterior, concentrando o 20,1% do total galego. Ambas actividades concentran o 42,1% das exportacións galegas fronte ao 40,3% existente ao comezo

da recuperación económica (54,5% no ano 2009). Como se reflicte no gráfico, dende o comezo da recuperación económica ambos sectores presentan unha tendencia crecente, se ben no segundo trimestre do ano, redúcese o peso relativo do sector téxtil no importe total das exportacións galegas a diferencia do acontecido no caso do sector do automóbil.

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores no primeiro trimestre de 2018, o subsector téxtil-confección mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 933,2 millóns de euros (un 1,4% superior ao do ano anterior), en tanto que o sector do automóbil mantén o saldo deficitario rexistrado nos últimos tres anos. No segundo trimestre de 2018, o saldo negativo da balanza comercial do sector do automóbil sitúase en case 245 millóns de euros, un 86,9% superior ao rexistrado no mesmo período do ano anterior.

Ademais da devandita concentración sectorial, cabe insistir na elevada concentración

Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2º trimestre 2009-2018.



Fonte: IGE

xeográfica. Neste senso, tras unha medra do 10% no importe das vendas ao conxunto dos países da UE-28, o mercado comunitario representa no segundo trimestre de 2018 o 76,4% das exportacións galegas, 3,2 puntos superior á do ano anterior. Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 18,9% das vendas ao exterior e o 13,3%, respectivamente, salientando ademais que os sete países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 64,1% do valor total das exportacións. Comparado coa situación ao comezo da recuperación económica, aumenta significativamente a concentración nos países da UE-28, que no segundo trimestre de 2014 acollían o 70,4% das exportacións galegas, seis puntos menos que en 2018. Xunto á caída en case oito puntos da importancia relativa de Francia, cómpre resaltar o incremento do peso relativo das exportacións a Bélxica, Italia e o Reino Unido.

Exportacións galegas 2º trimestre 2018. Distribución sectorial e xeográfica



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, o segundo trimestre de 2018 caracterízase, novamente, por presentar taxas de crecemento interanual positivas nas distintas ramas de actividade. Xunto a este aspecto positivo cómpre resaltar o forte impulso do sector da construción, que, cunha medra interanual do 6%, sitúase como o sector de maior dinamismo. Hai que remontarse ata o terceiro trimestre de 2006 para atopar unha taxa de variación interanual tan elevada. Asemade, cómpre salientar que a industria manufactureira mantén un ritmo de crecemento superior ao catro por cento, acadando no último trimestre unha medra interanual do 4,1%, se ben no mesmo período do ano anterior esta taxa de variación interanual ascendía ata o 5,6%.

No que aos outros tres grandes sectores se refire, o sector primario e o conxunto do sector industrial presentan no segundo trimestre de 2018 unha taxa de variación interanual superior á rexistrada no mesmo período do ano anterior, a diferenza do acontecido no caso do sector terciario. Así, o ritmo de crecemento do sector industrial aumenta ata o 3,5%, medio punto por riba do estimado no ano anterior, en tanto que o sector primario o fai nun 1,9%, sete décimas máis que no segundo trimestre do ano anterior. No extremo oposto, ralentízase o crecemento do sector servizos, que presenta en 2018 unha medra do 2,3% fronte ao 3,3% no segundo trimestre de 2017. No ámbito dos servizos cómpre mencionar a evolución das actividades profesionais e a de información e comunicacións, con medras do 4,3% e 4,1%, respectivamente (3,3% e 4,7% no ano anterior).

Comparado coas taxas de crecemento no conxunto da economía española, o sector industrial e os servizos no seu conxunto, presentan en Galicia un mellor comportamento (2,3% e 2,1% de media no Estado), a diferenza do que acontece no sector da construción e en maior medida, no sector primario (6,6% e 5,6% en España). Entre as distintas ramas de actividade, cómpre mencionar o maior incremento da industria manufactureira (4,1% fronte a 3,5% no Estado) e do subsector de comercio, transporte e hostalaría (3,3% fronte ao 2,3% de media en España); mentres que no extremo oposto, chama a atención o diferencial que amosan as actividades profesionais, pois medran un 5,8% en España fronte ao 4,3% na Comunidade Autónoma.

Tras esta evolución, o 26,6% do VEB xerado en Galicia corresponde ás actividades de comercio, transporte e hostalería, fronte ao 18,4% das administracións públicas, sanidade e educación, e o 14,2% da industria manufactureira. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, xeran o 5,9% do VEB galego. Como se aprecia na figura seguinte, dende o comezo da recuperación en 2014 continúa o incremento do peso relativo do sector servizos (un punto porcentual), influenciado especialmente polo comportamento do comercio, transporte e hostalería (2,8 puntos máis que no segundo trimestre de 2014). A industria manufactureira e as actividades profesionais, presentan unha importancia relativa lixeiramente superior (seis e cinco décimas, respectivamente).

Produto Interior Bruto en Galicia e España no 2º trimestre de 2018: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

Estrutura produtiva de Galicia no segundo trimestre de 2008, 2014 e 2018 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Produtividade aparente do traballo

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que se mantén como un dos problemas recorrentes máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, pódese realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo completo, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado, se ben están por baixo da media española. Cando se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón no segundo trimestre de 2018 o 95,6% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,3% do ano 2008 e o 92,1% de 2014. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe tamén mellora, ascendendo ata o 91% no segundo trimestre de 2018 fronte ao 81,8% de 2008 (86% en 2014).

No último ano, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 3,4% en Galicia, porcentaxe similar ao do conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,8% e as horas traballadas un 0,4%. Deste xeito a produtividade mellorou un 1,6% no primeiro caso, e un 3% se se mide en relación ás horas traballadas. Tendo en conta que a mellora do emprego en Galicia é inferior á rexistrada no conxunto do estado, Galicia presenta, estatisticamente, un incremento da produtividade superior á de España, que se sitúa en 0,8% se se considera o número de empregos equivalentes a tempo completo e de 0,7% no caso das horas traballadas.

Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir na baixa produtividade da industria manufactureira en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupante cando se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. A pesar do lixeiro incremento da produtividade, ambos os dous indicadores seleccionados reflicten que a PFT sitúase por baixo do 78% do valor español dende o comezo da recuperación económica.

No segundo trimestre de 2018 todos os sectores de actividade presentan un incremento da produtividade aparente do factor traballo tanto se se mide en termos de emprego equivalente a tempo completo como en termos de horas traballadas. Como se aprecia no cadro, a caída do emprego no sector primario por riba do 6% en Galicia explica, fundamentalmente, a medra da produtividade en torno ao 11% en ambos os dous casos (no segundo trimestre do ano anterior descendía case un 1,5%).

En comparación coa media estatal, Galicia presenta unha produtividade superior á media española en termos de emprego equivalente, acadando o 104,6% (España

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia no segundo trimestre 2015-2018 (España = 100)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia e España no segundo trimestre 2018. Taxa de variación interanual. Distribución segundo sectores

Postos de traballo equivalentes a tempo completo

	GALICIA			ESPAÑA		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,4%	1,8%	1,6%	3,4%	2,5%	0,9%
Sector primario	4,8%	-6,2%	11,0%	9,0%	-0,1%	9,1%
Industria	5,4%	3,9%	1,5%	3,2%	2,1%	1,1%
Ind. Manufactureira	5,6%	4,3%	1,3%	4,1%	2,2%	1,9%
Construción	6,1%	5,3%	0,8%	8,5%	7,5%	1,0%
Servizos	2,4%	1,8%	0,6%	2,5%	2,3%	0,2%

Horas traballadas

	GALICIA			ESPAÑA		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,4%	0,4%	3,0%	3,4%	2,7%	0,7%
Sector primario	4,8%	-6,1%	10,9%	9,0%	-0,1%	9,2%
Industria	5,4%	3,5%	1,9%	3,2%	1,7%	1,4%
Ind. Manufactureira	5,6%	3,6%	2,0%	4,1%	2,1%	2,0%
Construción	6,1%	3,1%	3,0%	8,5%	8,1%	0,4%
Servizos	2,4%	0,4%	2,0%	2,5%	2,5%	0,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

= 100), a diferencia do acontecido no caso das horas traballadas (83,5%). Fronte ao acontecido no sector primario, a construción presenta unha produtividade aparente superior á media española en termos de horas traballadas 101,5%), manténdose en torno ao 91,5% no caso do emprego equivalente a tempo completo.

2- Mercado de traballo

1- Balance positivo en termos agregados

O mercado de traballo galego presenta no segundo trimestre do ano un maior dinamismo no proceso de creación de emprego tanto en termos de EPA como de afiliacións. Tendo en conta que a poboación activa detén a súa caída, a redución do desemprego non se produce na mesma intensidade que no trimestre anterior, se ben segue sendo superior ao 10%. Este bo comportamento reflíctese tamén na caída da taxa de paro, que se sitúa no 14%, a taxa máis reducida dende o cuarto trimestre de 2009. No eido da ocupación, o incremento producese entre os traballadores por conta allea, tanto entre as persoas con contratos temporais como indefinidos, sendo máis acusado entre aquelas que teñen contratos indefinidos. Este incremento dos asalariados producese en maior medida no ámbito público que no privado. No concernente ao desemprego, cómpre resaltar o forte descenso do paro de longa duración, que ademais producese nos distintos grupos de idade e nos distintos niveis de formación.

Con todo, hai que matizar que os datos anteriores tendo en conta, entre outros aspectos, que o incremento da ocupación producese fundamentalmente no sector servizos, e máis concretamente no comercio, administración pública e seguridade social, actividades administrativas e servizos auxiliares e en actividades sanitarias e servizos sociais. Asemade, cómpre seguir insistindo na gravidade do paulatina redución da poboación activa no grupo de persoas de 25 a 34 anos (22% dende o primeiro trimestre de 2014), a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, ou o aínda elevado peso do desemprego de longa duración.

Poboación activa

A poboación activa galega frea no segundo trimestre do ano a súa caída, acadando as 1.250.800 persoas, o que supón unha medra de 14.200 persoas respecto ao trimestre anterior, e en torno a 500 persoas en relación ao mesmo período de 2017. En termos porcentuais, a poboación activa medra un 1,1% respecto ao trimestre anterior, manténdose estable a taxa de variación interanual (0,7% e 0,5% no conxunto do Estado, respectivamente). Unha vez máis é necesario insistir na gravidade da caída da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, así como na ne-

cesidade de medidas específicas para reverter esta situación. No segundo trimestre do ano Galicia conta con 232.300 persoas activas entre 25 e 34 anos, sendo a taxa de variación interanual do -4,4% (10.600 persoas menos) fronte aos -1,7% no conxunto do Estado. Dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descendeu en 65.500 persoas, o que supón unha caída do 22%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias e Cantabria (-27,6% e -22,3%, respectivamente).

Principais datos do mercado de traballo no segundo trimestre 2014-2018

Miles de persoas	2014	2015	2016	2017	2018	2018 / 2017 milles persoas	2018 / 2017 %
Poboación maior de 16 anos	2.369,1	2.360,2	2.349,5	2.343,9	2.333,5	-10,4	-0,4
Poboación activa	1.275,8	1.262,4	1.256,9	1.250,3	1.250,8	0,5	0,0
25 - 34 anos	290,1	274,6	256,3	242,9	232,3	-10,6	-4,4
Poboación ocupada	991,5	1.009,9	1.034,0	1.048,9	1.075,8	26,9	2,6
Conta propia	218,3	216,4	222,5	227,2	210,5	-16,7	-7,4
Conta allea	772,9	793,2	810,9	821,3	865,3	44,0	5,4
Outra situación	0,3	0,3	0,7	0,3	0,0	-0,3	-100,0
Poboación parada	284,3	252,5	222,9	201,5	175,0	-26,5	-13,2
Parado longa duración	153,0	138,7	118,2	103,2	80,9	-22,3	-21,6
Poboación inactiva	1.093,3	1.097,8	1.092,5	1.093,6	1.082,7	-10,9	-1,0
Taxa de actividade	53,9%	53,5%	53,5%	53,3%	53,6%		
Taxa de ocupación	41,9%	42,8%	44,0%	44,8%	46,1%		
Taxa de paro	22,3%	20,0%	17,7%	16,1%	14,0%		
Taxa de temporalidade	21,4%	23,6%	25,0%	25,8%	28,1%		
Afiliacións (media trimestral)	914,0	935,3	948,8	970,0	997,7	27,8	2,9
Paro rexistrado (media trimestral)	262,0	236,9	218,6	198,0	176,4	-21,6	-10,9

Fonte: INE

Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2018



Fonte: INE

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, sitúase no segundo trimestre de 2018 en Galicia no 53,6%, tres décimas menos que no mesmo período do ano anterior. Esta porcentaxe segue a ser sensiblemente inferior á estimada no conxunto do mercado de traballo español (58,8%), e mantén a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (50,8%).

Ocupación

Os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) presentan no segundo trimestre de 2018 un balance positivo en canto á creación de emprego, mantendo un maior dinamismo que no trimestre anterior. Nos últimos doce meses as afiliacións medraron un 2,9% (case 27.800 afiliacións máis), a taxa máis elevada dende o comezo da recuperación económica, en tanto que a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual do 2,6% (26.900 ocupados máis). As contas económicas sinalan que o número de postos de traballo equivalente a tempo completo incrementáronse un 1,8% respecto ao ano anterior (17.864). Se a comparación se realiza co primeiro trimestre do ano 2014, por ser o período de tempo que se pode considerar como punto de inflexión en termos de ocupación e desemprego, as afiliacións medraron en máis de 95.800 persoas (10,6%) e a poboación ocupada en 93.000 persoas (9,5%).

Un trimestre máis, estes datos positivos teñen de ser matizados atendendo á súa comparación coa evolución seguida no conxunto do Estado. Os devanditos tres indicadores presentan novamente en España medras superiores á media galega: a poboación ocupada aumenta un 2,8%, o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo presentan unha taxa de variación interanual do 2,5%, situándose esta porcentaxe no 3,3% no caso das afiliacións.

Tras o devandito incremento do número de afiliacións, Galicia conta no segundo

Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2018. Taxas de variación interanuais





Fonte: IGE

trimestre de 2018 con 997.728 afiliacións (media mensual entre abril e xuño). Este incremento rexístrase tanto nas afiliacións ao réxime xeral como no réxime agrario, descendendo no caso dos autónomos, afiliacións ao réxime do mar e ao réxime especial de empregados do fogar. Tras unha medra de 29.346 afiliacións, Galicia conta con 730.464 afiliacións ao réxime xeral, mentres que o número de autónomos descende ata os 213.707 afiliacións, 1.481 menos que a media do segundo trimestre do ano anterior.

Centrándonos na análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.075.800 ocupados no segundo trimestre do ano, 26.900 persoas máis que no mesmo período do ano anterior. A ocupación feminina presenta en Galicia un mellor comportamento que a masculina, aumentando a ocupación en 17.700 persoas no caso das mulleres (3,5%) e en 9.200 no caso dos homes (1,7%). Cómpre destacar que a ocupación entre as mulleres presenta unha mellor evolución que no conxunto do Estado, a diferencia do acontecido no caso dos homes (3% e 2,6% en España, respectivamente).

A taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, aumenta ata o 46,1%, case catro puntos menos que no conxunto do Estado (49,8%). Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta unha taxa de ocupación tan só superior ás estimadas para Estremadura (42,3%), Andalucía (43,9%) e Asturias (44,2%), ademais de Ceuta (43,5%, respectivamente).

No concernente á distribución sectorial da ocupación, o sector servizos acolle o 71,9% dos ocupados galegos (773.300 persoas), destacando pola súa importancia cuantitativa as actividades de comercio e reparación de vehículos de motor, con 181.800 persoas (16,9% do total), as actividades sanitarias e de servizos sociais, con 95.800 persoas (8,9%) e a hostalería con aproximadamente 83.200 ocupados (7,7%). A industria manufactureira concentra un 14,4% da ocupación (155.200 persoas), entre cuxas ramas de actividade salientan as industrias de alimentación e bebidas acollen a 39.700 persoas (3,7% da ocupación galega). Finalmente, a construción da emprego ao 6,4% da poboación ocupada galega (68.800 persoas), en tanto que o sector agrario representa o 4,6% da ocupación total (50.000 ocupados) e as actividades da pesca e acuicultura, o 1,3% restante (14.200 persoas).

Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario (4,2% en España) como da industria manufactureira (12,7% no Estado), mentres que o sector servizos representa o 75,4%. A construción mantén unha porcentaxe similar en torno ao 6,3%.

O devandito incremento interanual da ocupación de 26.900 persoas céntrase na súa práctica totalidade no sector servizos, descendendo de xeito moi acusado no sector primario, tanto no caso da pesca como no subsector agrario. No conxunto do sector servizos, a ocupación medra en 36.600 persoas (5%), manténdose practicamente constante no caso da industria manufactureira e da constrición (300 e 900 ocupados máis respecto ao ano anterior). Por contra, o sector agrario e pesqueiro perden 3.200 e 5.600 ocupados no período analizado (6% e 28,3%, respectivamente).

Entre as distintas ramas de actividade englobadas no sector terciario cómpre resaltar, dunha banda, os incrementos da

Evolución da poboación ocupada en Galicia no segundo trimestre: distribución segundo rama de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



Fonte: INE

ocupación estimados no comercio, con 10.300 persoas ocupadas máis (6,0%), na Administración pública, con 9.100 persoas máis (13,2%) e nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 5.100 máis (5,6%). Asemade, cómpre resaltar que a diferencia do acontecido no segundo trimestre do ano anterior, a ocupación medra nas actividades de transporte e almacenamento; Actividades administrativas e servizos auxiliares; e Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria. No caso da industria manufactureira, salientan os incrementos de 5.200 persoas nas actividades de Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria; descendendo en 2.600 persoas no caso da alimentación e bebidas (medra en 8.800 persoas no ano anterior) e en 2.200 no subsector téxtil (medra en 1.200 persoas no ano anterior).

No que atinxe á situación profesional dos ocupados, o 80,4% dos ocupados galegos no segundo trimestre do ano son traballadores por conta allea (865.300 persoas) fronte ao 19,6% restante (210.600 ocupados) que son traballadores por conta propia. No que aos asalariados se refire, Galicia conta con 670.600 traballadores no

Composición relativa da ocupación en Galicia no segundo trimestre 2010, 2014, 2018: distribución segundo principais ramas de actividade



Fonte: IGE

sector privado, o 62,3% da poboación ocupada galega, e 194.700 ocupados no sector público (18,1%). Entre os traballadores por conta propia, salientas os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, con 136.900 persoas, o 12,7% da poboación ocupada galega.

Comparado coa estrutura da ocupación no conxunto do Estado, unha primeira diferenza radica no maior peso relativo dos traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (6,1% en Galicia) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (12,7% en Galicia). Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público segue sendo superior á media española (16,1% no conxunto do Estado),

a diferenza do acontecido no caso do sector privado (67,9%).

Atendendo á evolución da ocupación respecto ao mesmo período do ano anterior, tanto en Galicia como en España descende o número de traballadores por conta propia e aumenta no caso dos traballadores por conta allea, sendo esta tendencia significativamente máis acusada na Comunidade autónoma. Dunha banda, o número de traballadores por conta propia descende en Galicia un 7,4% (-16.700 persoas) fronte ao 1,2% no conxunto do Estado, explicándose este diferencial fundamentalmente polo forte descenso dos empresarios sen asalariados (9,2% en Galicia e 0,3% en España). Doutra banda, o maior crecemento dos asalariados en Galicia (5,4% fronte aos 3,6% en España), explícase mellor comportamento tanto do emprego público (8,6% e 3,8% en Galicia e España, respectivamente) como no sector privado, que medra en Galicia un 4,4% fronte ao 8,6% en España.

Atendendo á calidade de emprego creado no segundo trimestre de 2018, o número de asalariados aumenta tanto entre aqueles que asinan contratos temporais como indefinidos, sendo este incremento superior no caso dos contratos indefinidos tanto en termos relativos como absolutos. Tras unha medra de 35.000 persoas respecto ao ano anterior (5,9%), Galicia conta con 633.00 asalariados con contrato indefinido; en tanto que o número de asalariados temporais ascende ata os 232.000 traballadores, 9.000 máis que no segundo trimestre do ano anterior (4%). Deste xeito, a taxa de temporalidade descende ata o 26,8%, catro décimas menos que no mesmo período do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 21,4% ao comezo da recuperación económica.

Poboación ocupada en Galicia e España no segundo trimestre 2018: distribución porcentual segundo situación porcentual



Fonte: INE

Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2018



Fonte: IGE

Desemprego

O número de persoas paradas estimadas na EPA redúcese en Galicia un 13,2% en relación ao mesmo período do ano anterior, acadando os 175.000 parados, 26.500 persoas menos que no mesmo período do ano anterior. En termos relativos, este descenso non só é superior ao estimado no conxunto do Estado, onde se reduce un 10,8%, senón que o sitúa como a sexta Comunidade Autónoma con maior redución tras Castela e León (-18,5%), Cantabria (-18,4%), Canarias (-16,4%), C. Valenciana (-15,8%) e Castela A Mancha (-14,4%). No caso do número de persoas rexistradas no servizo público de emprego esta caída sitúase no 10,9%, acadando os 176.351 parados (21.627 persoas menos que no mesmo trimestre do ano anterior).

O bo comportamento do mercado de traballo reflíctese tamén no paulatino descenso da taxa de desemprego, que no segundo trimestre situouse no 14,0% (1,3 puntos menos que no conxunto do Estado), a porcentaxe máis baixa dende o cuarto trimestre de 2009 (12,8%). Este descenso da taxa de paro é significativamente superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose a taxa de paro feminina no 15,2% e a masculina no 12,8%. Entre os menores de 25 anos a taxa de paro descende ata o 33,3% (34,7% en España), o que supón un descenso de case dous puntos respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (35%).

Entre os aspectos máis positivos da evolución do mercado de traballo hai que seguir salientando a importante redución

Taxa de paro en Galicia 2010-2018 no segundo trimestre 2018

	Total	Homes	Mulleres %	Longa duración	Menores 25 anos
2010	15,5	15,5	15,5	5,1	34,7
2011	16,6	16,6	16,6	6,7	38,0
2012	20,9	20,9	20,9	9,0	45,0
2013	22,4	22,4	22,4	11,3	51,6
2014	22,3	22,3	22,3	12,0	48,4
2015	20,0	20,0	20,0	11,0	45,7
2016	17,7	17,7	17,7	9,4	43,7
2017	16,1	16,1	16,1	8,3	35,0
2018	14,0	14,0	14,0	6,5	33,3

Fonte: IGE

do paro de longa duración. No segundo trimestre de 2018 atopábanse nesta situación un total de 80.900 persoas, o que supón un descenso 22.300 persoas en relación ao mesmo período do ao anterior (-21,6%). Dende o primeiro trimestre de 2014, cando o nivel de desemprego de longa duración acada o seu nivel máis elevado, o número de persoas nesta situación de desemprego redúcese en 73.500 persoas, un 47,6%.

Nembargante, este segue a ser un dos principais problemas do mercado de traballo galego xa que o 46,2% dos parados galegos son parados de longa duración, a porcentaxe máis baixa dende o terceiro trimestre de 2012 (45,2%). Ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase por baixo do 28%.

Asemade, hai que destacar que este descenso prodúcese nos cinco grupos de idade considerados e nos distintos niveis de formación acadados. No que á idade se refire, o descenso máis acusado dáse no grupo de persoas de 35 a 44 anos, cun descenso de case 7.700 persoas, seguido polas persoas entre 25 a 34 anos, con 5.700 parados menos. En termos relativos salienta a caída por riba do 32% no caso das persoas de 25 a 34 anos, e de case o 26% no das persoas de 35 e 44 anos. Tras esta evolución os datos da EPA reflicten que en Galicia hai 23.100 persoas paradas de longa duración con idades comprendidas entre 45 e 54 anos, e 18.400 con máis de 55 anos, o que supón que máis da metade dos parados teñen máis de 45 anos. A dificultade de empregabilidade destas persoas apréciase no feito de que dende o comezo da recuperación económica, o peso relativo deste colectivo de persoas no paro de longa duración aumentou den-

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2018



Fonte: IGE

de o 39,5% no primeiro trimestre de 2014 ata o 50,9% do segundo trimestre de 2018.

No que atinxe ao nivel de formación, o descenso máis acusado en termos absolutos prodúcese entre as persoas con educación superior (7.600 persoas menos), por diante das que posúen educación secundaria, segunda etapa (6.100 activos menos). Por contra, a caída máis acusada en termos relativos rexístrase entre as persoas con estudios primarios ou sen estudios, cun descenso do 39,7%, seguido polas persoas con educación superior, cun 29,3%.

